

SAUDADE POR UN HOMIE SIN XEIRO


Para Xaquín Lorenzo Fernández, *in memoriam*

Pablo Sánchez Ferro

Hai débedas de afecto, as únicas débedas que se contraen con satisfacción -con profunda satisfacción, algunhas veces- que a un lle gustaría poder saldar en vida do xeneroso acredor; pero que, por causa do ánimo cohibido e ruboroso con que frecuentemente se atopa a expresión dos máis íntimos sentimentos, non se ten acadado liquidar do xeito que mellor se quixera. Despois, segundo transcorren os días, segundo se amorean os anos, enchendo de distancia a lembranza, esvaecendo a silueta da memoria, aínda que decantando un cada vez máis mesto pouso de saudade, un sente dun xeito máis fondo o moito que desearía dicir certas cousas a aquel ser querido, con profunda congoxa por non ter atopado, no seu momento, a oportunidade; ou, quizais, por saber que en verdade non fose capaz de acha-la forma de facelo sen abrigar no peito trémulas palpitacións. E ese debedor moroso pensa entón na gratitude existen-

cial que sente por ter coñecido a alguén que espera nel, a pesar dos moitos anos transcorridos sen a súa presenza, tan nobres sentimentos; maiormente cando percibe que ó seu redor outros moitos que lle coñeceron tamén abeirán nas súas almas ese sincero agradecemento.

Quen agora ven dar, intentar dar, a súa mostra de máis sincero afecto, faino tardeiro, como adoita ocorrer; pois non soubo no seu momento *dicir*; era novo, certo, tal vez de máis novo, e a morte do ser querido sobreveu con sorpresa, estando fora, nunha viaxe; aínda que quizais sexa sinxelamente iso, que non soubo dicir, cando puido, o que desexase. Pero agora aproveita que a memoria colectiva evoca a lembranza daquela persoa, e séntese con gañas de falar, de dicir as palabras que antes non tivo, algo abraiado pola homenaxe populosa que se lle brinda; tan afastada ó talante calado, pausado daquel



Xocas con María Teresa Ferro Delgado e o seu esposo Aníbal.

home sinxelo. Aquel home que, para quen agora fala, chamábase *Padrino*, para outros, Xoaquín, para os coñecidos, *Xocas*, un alcume que ós pequenos da nosa casa, ós meus irmáns e a min, espertaba curiosidade e ledicia: era un alcume afable, xeneroso, nada teatral, un alcume entrañable, como o home que o vestía.

Agora, cando un abre a porta da memoria e penetra na estancia das acordanzas afastadas, aquelas que permaneceron en nós dende a nenez, acordanzas que semellan estar alumadas pola luz tenue, incerta dun candil, amosándose entre claras e escuras, como patinadas por unha especie de veo ou néboa que as esvaece, cando un procura as lembranzas e ten a impresión de que están atrapalladas, de que non é certo que o seu sitio sexa o que en realidade lles corresponde, e camiña con torpeza por esa estancia, procurando ás apalpadelas onde asirse para poder levar un paso firme, séntese remansado ó topar cun rostro coñecido, un rostro que nos olla con cariño e sabedoría dende a penumbra, dende un recanto preto ó centro do fogar; onde se garda a ascua máis quente do noso afecto, a que agora se inflama co alento da lembranza. Fixámonos alí, nese sitio privilexiado do corazón: sentado entre pobres louzas, rudas cazolas de barro e cacharros de cobre, está un home octoxenario, un home envolto por unha voluta de fume denso, que non mana do lume onde se cocen a modiño, pacientemente, como se cociñan as cou-

zas gustosas, uns callos, un manxar para ese home delgado, escaso de carnes, pero de apetito bo é lambón, un home que contaba que en certa ocasión fora xantar ó *Pingallo*, o restaurante de Luis, e, como lle gustaban tanto e alí facíanos tan saborosos, tomara un prato ateigado de callos de primeiro, outro prato, tamén acugulado, de callos de segundo e, para non variar -¡qué gusto exquisito e sinxelo!-, un prato sopeiro de callos por sobremsa. Fixámonos alí, no lugar máis acolledor da memoria, e vémo-la face alongada do home cinguido brandamente por unha nube de fume, un fume agre, de negro tabaco, que sobe ondulándose dende a man fanada que se apoia encol do xeonllo dese home que permanece sentado, unha man, a esquerda, que ten dous dedos amputados -recordo cando aquela man agarimaba o meu rostro, deixándome o seu toco un tacto áspero pero tenro na meixela, torpe pero cálido-, ó índice fáltalle media falanxeta, ou quizais enteira (non vexo ben na penumbra da memoria), e ó do corazón só lle resta a primeira falanxe, uns dedos que están tinguidos da cor limón vello que deixa a nicotina, dun dourado opaco, sen brillo, como o que teñen os halos santificadores nas antigas iconas bizantinas, fixámonos nese home, e escoitámoslle falar, ten a voz algo dura, chea de rouquén, aínda que amable e sosegadora, unha voz que vai contando, entre calada e abaladora, relatos populares cheos de reverberacións lendarias, relatos que ás veces se trufan con refráns da aldea, da montaña, da beiramar; pois



Xocas coa súa afillada Susana, neta de Ferro Couselo, no xardín do Antigo Pazo Episcopal.



ese home coñece moitos refráns, recolleunos ó longo da súa vida, nas súas idas e vindas polos camiños terrosos, flanqueados polo carballo e a mimosa; fora recolléndoos ó camiñar a carón do pegureiro, mentres recollían as cabras e as ovellas dos veciños, para levalas ó monte, onde agardaban ata a noite, logo volvían ó lugar, e cada animal quedaba na súa casa, o costume guiábaos, e ós seus donos esperábanos para veren que non se extraviaran; o home fora recollendo os refráns entre as redes ategadas de peixe, escoitando ó mariñeiro que empata o anzol á liña ou que recolle o aparello á beira da dorna abanada pola baixamar, a dorna que axiña estará durmida sobor a area húmida, aromatizada de salitre; fixémonos, e vemos ó home enxoiito sentado na penumbra da estancia, unha estancia que agora semella a peza dun piso, o home agora non fala, olla un selo coa súa lupa, é un selo doutras terras; esa é a súa maneira de viaxar; pois todo o que

hai no mundo tamén está en Galicia, iso pensa aquel home; que agora deixa o selo no seu álbum, con coidado, con agarimosa meticulosidade. O home deixou o selo porque quere penetrar con paixón no estudio; estudia os libros máis sabios, le con avidez a Valle-Inclán, ou quizabes lle ocupe a súa favorita lectura, *O Quixote*, un libro que admira, un libro que le tódolos anos, un libro ó que, sen el sabelo -creo eu-, se acabou semellando, pois el foi como un *Don Quixote* bo e paciente, un home imbuído cun nobre ideal, que escoitaba a *Sancho*

Xocas no corredor da súa casa en Lobería, con María Teresa Ferro e o seu fillo Álvaro, neto de Ferro Couselo.






Xocas coa súa afillada Susana Ferro.

Panza, ó labrego, ó aldeán, ó pobo galego, sen lle pedir que escusase refráns, deixándolle con pracer dici-la súa sabedoría popular, para recollela en libros, onde puidese amarra-la súa memoria á posteridade. O home le toda a mañá; ergueuse cedo, almorzou, como sempre, unha cunca de chocolate con galletas, despois aseouse no pobre lavabo situado ó descuberto nunha esquina da peza –como o pequeno fogón onde unha señora facía, antes de arranxar un pouco a peza, o chocolate–; aseouse e púxose a ler no seu sofá, preto da mesa de traballo, preto da cama; o piso é pequeno e as cousas case se tocan, comunícanse, creando un tecido de vínculos tácitos, vínculos que nos falan da personalidade daquel home que le sentado no sofá, unha personalidade rica, xenerosa, chea de sabedoría e humanidade, como reflicten os libros da peza, os significativos obxectos: o vello tocadis-

cos, o cinseiro de cristal, a pequena mesa redonda ó carón do sofá, algún debuxo, a ausencia de ornato e nimiedade. Agora cansouse e deixa o libro, pon o tocadiscos, a melodía é ora saltareira ora cadenciosa, escoita a Tchaikovsky, que o sosega e lle arrebatada a fatiga; quizais soña por un intre coa *fada lambiscada*, e lémbrese dos pequenos, de tódolos cativos ós que tanto quixo, como un home sen fillos, mais acugulado de cariñosa paternidade. O home sentiu de súpeto unha necesidade; érguese, colle un pequeno paquete, envolto con sinxeleza por un folio branco (non sei, ó mellor só mete o presente nunha bolsa de plástico), ponse o gabán enriba do traxe escuro, listado, baixo o cal leva un chaleco en combinación e unha camisa branca, sempre leva camisa branca, sempre leva gravata negra, ou cando menos así o lembro, ponse o gabán e sae da casa, baixa polas estreitas escaleiras de madeira e cruza o diminuto portal de baldosa, alí, en tan breve espacio, hai unha perfumería –é curioso–; dunha alancada case chega á rúa. Padrino olla ó ceo, hoxe non ten nubes de chumbo; despois colle o camiño de sempre entre as casas cinguidas pola humidade, sentindo o frío que deixou a brétema, antes de que viñese o lixeiro orballo, que cae con paciencia e sen cesar, que cae con íntimo sentimento, como un pranto soidoso do ceo gris, ávido de sol e de claros; camiña paseniño, ben ergueito, mais sen amosar altiveza, camiña como as persoas que se atopan empapadas de sinxeleza, sabedoras da relatividade do vivir, coñecedoras da infinidade do vagar, como as persoas que son boas e xenerosas cos demais. É xa o mediodía, e chega á nosa casa, a súa outra casa, para xantar; sempre que estamos vén, sempre se lle agarda con cariño e con gañas de velo sentarse no sofá do cuarto de estar, onde pasa as horas lendo. Entra no noso fogar e os nenos recibímolle con ledicia, vendo como nos seus beizos enxoiros trácese un sorriso cheo de dozura e amizade, pois os pequenos somos os seus amigos, chámanos *a tropiña miúda* –encantábanlle os rapaces; era moi serio, mais moi entrañable, moi agarimoso con eles–; vémolos e bromea dicíndonos, entre castelán e galego (falábanos así, para que fomos aprendendo algo a súa



Xocas na casa da filla de Ferro.




lingua), *no seas chafalleiro* ou *no seas trapalleiro*, pois quérenos e azurranos para facernos rir; *pintamonas*, dime cunha chispa de bondade nas pupilas, e dame un paquete (o presente) que abro con curiosidade: é unha caixa de madeira, dentro hai un quebracabezas de un barquiño de vela; fíxonos *Padrino* coas súas propias mans, unhas mans cheas de afecto e de pericia; pois, ademais de bo, era un intelectual artesán; eu creo que tiña unha alma de artesán metida nas mans dun intelectual. ¡Como brotan as lembranzas!, tan cheas de gratitude e afecto. Vexo a aquel home, agasallándome coa súa presenza e sento gañas de dicirlle algo, de falarlle nesta lingua que el tanto amaba, nesta lingua sincera, lírica, chea de entoación e significado, que pobremente coñezo, pero aínda así nela desexo falarlle –sei que a el gustaríalle–, e lle digo... e te digo, *Padrino*, que onte, ou cecais outro día máis afastado no tempo, no serán, fun ó vello peirao e senteime a carón do guindastre. Quedo, coa brisa fresca rozando as miñas meixelas, puiden ver as dornas que durmían arroladas polas ondas, e como os últimos mariñeiros, cansos e cheos de soidade, recollían as súas artes para volveren á calor dos seus fogares; e ti estabas alí, de pé, cun caderniño no que debuxabas as barcas, estabas moi concen-

trado e parecías case unha estatua, espigada, firme, como enraizada na terra. Vinte deste xeito, cunha lixeira mágoa no peito. E a lembranza ficoume cheo de saudade; quixen ser de novo o rapaciño solitario que, no verán, adoitaba ir ó campo pola tarde, cando ós meus pais e irmáns durmían a sesta, para serpear polas pequenas sendas que corrían xunto ós lameiros cara á ribeira, atopando toda clase de fermosos bechiños: bolboretas, cabaliños do demo e aínda algunha vacaloura extraviada que ía busca-la frescura dos aveseados da fraga; e cando ollaba estes insectos lembrábase de ti, *Padrino*, pois ti regaláraslle unha cantaruxa disecada a miña nai, unha cantaruxa que foi irmá das que agora, mentres eu ía á beira mar, zoaban na calor da sesta; quixen ser ese rapaciño que ía polo campo para, de súpeto, baixo unha gran claridade atoparche, *Padrino*, coma un xílgaro vermello na póla dunha vimbieira acendida, elevando o canto ledado da terra, enchendo o aire cos sons da foliada da vida, un alento cálido, cheo de fermosas resonancias.

Agora son ese rapaz, véxote cantar na vimbieira acesa, e dende aquí, dende a miña saudade, querido *Padrino*, envíoches unha grande aperta.

CLUDIO GONZÁLEZ PÉREZ

Etnógrafo, historiador. Membro do Padroado do Museo do Pobo Galego, da ponencia de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega, etc. Autor, entre outros, dos seguintes libros: *O refraneiro do mar* (1988, 2ª. ed. 1993); *A festa dos maios en Galicia. Unha aproximación histórico-antropolóxica ó Ciclo de Maio* (1989, Premio de Investigación Deputación de Pontevedra); *Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: Notas históricas e situación presente* (1991, 2ª. ed. 2000); *As festas cíclicas do ano* (1992); *A Coca e o mito do dragón* (1993); *A produción tradicional do ferro en Galicia: As grandes ferrerías da provincia de Lugo* (1994, 2ª. ed. 2000, Premio de Investigación Deputación de Pontevedra); *Arquitectura e tecnoloxía populares no val de Ancares (León)* (1996); *Galegos na Historia: Antonio Fraguas* (1998); *Nos lindeiros da galegitude: Estudio antropolóxico do val de Fornela. Etnohistoria, Etnomusicoloxía, Etnografía*, con X.M. González Reboredo e L. Costa Vázquez-Mariño (2002); *La iglesia y el cementerio de Santa María a Nova de Noia*, con



Suso Xogaina -fotografías- (2003); *O Ribeiro: terra, auga e viño*, con J.A. López Martínez -fotografías- (2003); *Os cruceiros* (2003); *Cruces e cruceiros antigos de Vilagarcía de Arousa*, con X.R. Marín Martínez (2003)...

En decembro de 2003 publicou a primeira biografía de Don Xaquín, na que fai un minucioso estudio da vida e da obra do ilustre sabio ourensán: *Xaquín Lorenzo Fernández «Xocas», 1907-1989. Unha vida dedicada á Nosa Cultura* (colección "Memorialia", Editorial Toxosoutos).